



Antonio Romero

MESTRE DE CONTRABAIXO

Historial Académico

Comezou os seus estudos de contrabaixo aos 8 anos co mestre Antonio Portela Rodríguez en A Coruña. Nesta mesma cidade continuará os seus estudos no Conservatorio Superior con Nerea Casanova Gilsanz.

No curso 2010 – 2011 realizou un Curso de Formación Continua na ESMUC (Escola Superior de Música de Catalunya) co mestre Andrew Ackerman; no 2011/2012, estuda un Master of Performance en el Royal College of Music de Londres co mestre Thomas Martin e máis recentemente, realizou un Máster en Interpretación Solista no Centro Superior Katarina Gurska, becado pola Fundación Segundo Gil Dávila, cos Mestres Luís Cabrera e Karen Martirosian.

Recibiu clases de mestres como Bernard Salles, Carlos Méndez, Risto Vuolane, Petru Iuga, François Rabbath, Thierry Barbé, Jeff Bradetich, Diego Zecharies, Alberto Bocini ou Ferrán Sala e tocou con directores como Pietro Rizzo, Alberto Zedda, James Judd, Jan Cober, Mihail Jurovski, Carlos Kalmar, Jesús López Cobos, Vladimir Jurovski ou Bernard Haitink.

Experiencia

Colaborou con diferentes orquestras, como a Orquestra Sinfónica de Galicia, a Real Filharmonía de Galicia, a Orquestra Sinfónica de Radio – Televisión Española, a Orquestra Sinfónica de Valencia, a Orquestra Sinfónica de Madrid, a Orquestra Sinfónica do Principado de Asturias ou a Orquestra Sinfónica de Castilla y León. Do mesmo xeito, colaborou noutros proxectos orquestrais e pedagóxicos como a Orquestra Gaos, a European Youth Wind Orchestra, a Academia Contemporánea Vía Stellae, a Camerata da OSG ou a Academia de Verano da NJO ou o Festival Turina e tocou de solista o concerto para contrabaixo de J. Françaix e o Carmen Fantasy de Franck Proto.

Recibiu varios premios ao longo da súa carreira: 2º premio no XI Concurso Diputación de Toledo para instrumentos de corda (2008); 3º Premio á Excelencia da Fundación Paideia (2012); 3º Premio no International Music Competition London Grand Prize Virtuoso 2016; e Mención de Honra no Concurso Internacional de Jóvenes Solistas da Costa Atlántica (2016).

Como compositor, estrenou a obra *Paseando por New York* para quinteto de contrabaixos; *Fendas*, para coro, piano e recitado, escrita para o coro de cámara Ludus Tonalis; e máis recentemente, *Little... tango?* para orquestra de contrabaixos.

Estrenou, ademais, varias obras: *Número 4* de Antonio Portela Rodríguez; a *Sonata* para contrabaixo e piano e *4 Piezas* para vibráfono e contrabaixo do compositor, tamén galego, Federico Mosquera Martínez; *Bourrée* para contrabaixo solo de Armand Russell; *Suspiros, Serenata e Dúo* para contrabaixo e violoncello de Josep Cervera i Bret; e *Suite* para contrabaixo e piano do compositor Francisco García Álvarez.

Antonio Romero

Antonio Romero comezou os seus estudos de contrabaixo con 8 anos.

Continúa o seu Grao Superior no Conservatorio de Coruña, realizando posteriormente dous mestrados e un curso de formación continua.

Recibiu diferentes premios, formou parte de diferentes orquestras sinfónicas e actualmente desenvolve a súa vida no ámbito orquestral, compositivo e docente.